Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3RPSJ58I1HGU54S4K831GBP7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 08/10/2026 13:25:27 Página 1 de un total de 8 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Regulamento dos Traballos Fin de Mestrado (TFM) da titulación de Mestrado en Computación de Altas Prestacións pola Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Santiago de Compostela

PREÁMBULO....1
CAPÍTULO I: Disposicións xerais....2
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación....2
Artigo 2. Normativa aplicable....2
CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFM....2
Artigo 3. Matrícula do TFM....2
Artigo 4. Realización do TFM....2
CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados....3
Artigo 5. Oferta e asignación do TFM....3
Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos....4
CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación....5
Artigo 7. Defensa do TFM....5
Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFM....6
CAPÍTULO V. Disposicións finais....7
Disposición derrogatoria. Derrogación normativa....7
Disposición final primeira. Habilitación....8
Disposición final segunda. Entrada en vigor....8

PREÁMBULO

Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) da Universidade da Coruña (UDC, universidade coordinadora do título), e da Universidade de Santiago de Compostela, actualmente vixentes, co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos TFM do Mestrado en Computación de Altas Prestacións pola UDC e a USC.

CAPÍTULO I: Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este regulamento ten por obxecto regular a oferta, asignación, realización, defensa e avaliación do TFM do Mestrado en Computación de Altas Prestacións pola UDC e a USC.
2. Será de aplicación a todo o alumnado matriculado do TFM no Mestrado en Computación de Altas Prestacións pola UDC e a USC.

Artigo 2. Normativa aplicable

Este regulamento desenvólvese en aplicación das Normativas reguladoras da matrícula e a defensa do TFG e do TFM da UDC e da USC, actualmente vixentes. En todo caso, nos aspectos non regulados ou que se contradigan, prevalecerá sempre a normativa reguladora de universidade onde estea matriculado o/a alumno/a.

CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFM

Artigo 3. Matrícula do TFM

1. A matrícula do TFM realizarase dentro do prazo que estableza a súa universidade de estudo, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme aos créditos que teñan asignados.
2. Para formalizar a matrícula do TFM, o/a alumno/a deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da súa universidade de estudo.
3. A matrícula dará dereito á defensa do TFM en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.
4. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFM para poder dispor dunha nova convocatoria.
5. Unha vez formalizada a matrícula do TFM non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

Artigo 4. Realización do TFM

1. O TFM supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto concreto baixo a dirección de, polo menos, un/unha membro do

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3RPSJ58I1HGU54S4K831GBP7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 08/10/2026 13:25:27 Página 2 de un total de 8 página(s).

PDI da súa universidade de matrícula con título de doutor/a. Poderá figurar un/unha segundo/a director/a do TFM dunha entidade externa, que terán a labor de supervisión do traballo realizado. Será a Comisión Interuniversitaria do Mestrado, no momento da aprobación do anteproxecto, a que analice a adecuación de devandita persoa e autorice, ou non, o seu papel como director/a.

2. O TFM ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do/a estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de Mestrado en Computación de Altas Prestacións. Os temas que se propoñan para a realización do TFM, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e polos seus obxectivos, deberán poder desenvolverse nun número de horas equivalente aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos e coa duración que alí se estableza.

CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados

Artigo 5. Oferta e asignación do TFM

1. O órgano competente na xestión do proceso relativo aos TFM é a Comisión Interuniversitaria do Mestrado. Neste sentido, as funcións deste órgano serán as de aprobar ou rexeitar propostas de proxectos de TFM, aprobar as asignacións de proxectos a alumnos (tanto as propostas do alumnado/profesorado como as do/a coordinador/a do título) e garantir á aplicación deste regulamento e das normativas da UDC/USC, en xeral.
2. A devandita comisión establecerá cada ano un calendario para garantir que a oferta se publique con suficiente antelación para que o alumnado teña o tempo necesario para completar e defender o seu TFM dentro do prazo previsto. Este calendario estará público na web do mestrado.
3. Todo o alumnado que pretenda completar o seu TFM neste curso académico deberá ter asignada unha proposta de traballo, formalizada como proxecto preliminar, antes da data límite que se fará pública ao comezo de cada curso académico na páxina web do mestrado.
4. A devandita proposta debe constar, como mínimo, dos seguintes contidos: nome e datos de contacto do/a alumno/a e os/as directores; título do TFM; obxectivos do TFM; breve resumo das tarefas a realizar; metodoloxía a seguir; e materiais necesarios.
5. O/A alumno/a pode facer a súa propia proposta de anteproxecto de TFM, indicando os seu/súa director/a e directores/as, mediante unha solicitude vía e-mail dirixida ao/á coordinador/a do título na súa universidade.
6. O/A coordinador/a do programa de mestrado, en colaboración co profesorado e as organizacións asociadas, proporcionará un conxunto de propostas

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3RPSJ58I1HGU54S4K831GBP7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 08/10/2026 13:25:27 Página 3 de un total de 8 página(s).

anteproxectos de TFM entre as que o alumnado poderá elixir. A Comisión Interuniversitaria do Mestrado realizará a asignación final, tendo en conta as preferencias do alumnado e, en caso de conflito, a puntuación de admisión para o programa de mestrado.

7. O/A estudante cun anteproxecto xa asignado pode solicitar un cambio de título, mediante e-mail dirixido ao/Á coordinador/a do mestrado, co visto e prace dos/as directores do traballo. A Comisión Interuniversitaria do Mestrado tomará a decisión sobre a aceptación da modificación.

Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFM corresponderá á persoa autora do traballo, sen prexuízo de que poidan compartirse eses dereitos se así o acordan o/a autor/a e as persoas implicadas na súa elaboración

2. Cando o contido total ou parcial do TFM estea suxeito á protección de dereitos, o/a alumno/a e o/s titor/es do TFM deberán notificalo por escrito á Comisión Interuniversitaria do mestrado mediante un informe onde se especifique esta necesidade. Presentarase, antes de facer o depósito da memoria do TFM, preferentemente no momento en que se formalice a colaboración cunha entidade colaboradora ou se detecte a concorrencia das circunstancias que xustifican a aplicación do procedemento de confidencialidade. A solicitude deberá incluír:

    a. Xustificación da solicitude, mediante unha copia do acordo de confidencialidade coa entidade colaboradora ou unha declaración motivada do/a estudante ou da persoa titora académica e/ou directora do TFM en que se xustifiquen as razóns polas que resulta necesaria a aplicación do procedemento de confidencialidade previsto nesta normativa.

    b. Identificación das partes do traballo afectadas pola confidencialidade.

    c. Indicación das persoas ou colectivos que, por razón das súas funcións, deban ter acceso á información sometida a confidencialidade.

    Os membros do tribunal avaliador serán informados, coa antelación suficiente, de que o TFM se atopa sometido ao procedemento de confidencialidade. O/a titor/a e os/as membros do tribunal deberán asinar un compromiso de confidencialidade sobre os contidos que non se poderán difundir publicamente. O acto de defensa será de carácter público, pero as partes do traballo sometidas a confidencialidade exporanse exclusivamente ante o tribunal e as persoas autorizadas.

2. No caso de TFMs que impliquen a recollida, o tratamento, o almacenamento ou a análise de datos persoais débese garantir o cumprimento dos principios

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3RPSJ58I1HGU54S4K831GBP7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 08/10/2026 13:25:27 Página 4 de un total de 8 página(s).

de minimización de datos, limitación da finalidade, precisión, integridade e confidencialidade. No caso de recollida directa de datos persoais, o/a estudante debe obter o consentimento explícito dos/as interesados/as mediante un formulario aprobado pola universidade. Este consentimento debe ser libre, específico, informado e inequívoco. Sempre que sexa posible, os datos deben ser anonimizados ou seudoanonimizados para reducir os riscos asociados ao tratamento. O/A estudante e os seus/súas directores/as serán responsables do cumprimento da normativa vixente de protección de datos (RGPD e LOPDGDD). O TFM debe incluír unha sección específica sobre o tratamento de datos persoais, detallando as medidas adoptadas para garantir a súa protección.

3. En xeral, prohíbese expresamente o uso de datos persoais sen a debida autorización ou fóra do ámbito do TFM aprobado.

CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación

Artigo 7. Defensa do TFM

1. O TFM só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de mestrado, agás os correspondentes aos propios do TFM. No caso do programa de dobre titulación terase en conta o establecido no convenio regulador. No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso ao mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidente/a do tribunal que avalíe o TFM poderá solicitar ao/á estudante unha copia da memoria do TFG.
2. A defensa do TFM non requirirá autorización das persoas directoras do traballo, pero o/a coordinador/a do mestrado poderá solicitar un informe de avaliación dos mesmos sen que, en ningún caso, sexa vinculante para a súa defensa e posterior avaliación
3. O procedemento de solicitude de defensa e depósito do TFM realizarase exclusivamente a través da secretaría virtual da universidade de matrícula do/a estudante. Unha vez entregada a memoria na secretaría, o/a estudante deberá enviala por correo electrónico ao/á coordinador/a do mestrado (en alumnos/as matriculados/as na USC, deberá achegarse tamén o xustificante de depósito proporcionado pola devandita secretaría).
4. Para a defensa e avaliación do TFM, o/a estudante disporá do número de convocatorias por curso (e o número de oportunidades en cada unha delas)

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3RPSJ58I1HGU54S4K831GBP7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 08/10/2026 13:25:27 Página 5 de un total de 8 página(s).

que se indiquen na normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e do TFM (ou outra normativa máis xeral que as conteña) da súa universidade de matrícula.

5. As convocatorias de defensa do TFM realizaranse conforme ao previsto na normativas xerais da UDC e a USC, e aos calendarios académicos oficiais vixentes. Haberá un mínimo de tres convocatorias (ordinaria de febreiro, ordinaria de xuño, e extraordinaria de setembro) cunha opcional anticipada en novembro, cando a normativa da universidade de matrícula do/a alumno/a o permita. Todas estas convocatorias respectarán as datas límite de sinatura e entrega de actas establecidas nos calendarios académicos oficiais, e serán publicadas na web do mestrado antes do comezo do curso académico. A planificación e distribución das convocatorias de defensa garantirá que todo o estudantado dispoña efectivamente do número de oportunidades de defensa que lle correspondan segundo a normativa aplicable da universidade na que estea matriculado.
6. A defensa do TFM realizarase en acto público, de acordo co establecido nas normativas xerais da UDC e a USC, así como neste regulamento. O alumnado matriculado na modalidade presencial deberá defender o seu TFM de forma presencial. O alumnado matriculado na modalidade en liña defenderá o seu TFM virtualmente. Excepcionalmente, e por razóns debidamente xustificadas, o alumnado poderá solicitar defender o seu TFM nunha modalidade diferente á especificada para a súa modalidade de matrícula. Para tal fin, deberá presentar unha solicitude debidamente xustificada ao/á decano/a ou director/a do centro da súa matrícula, quen decidirá despois de comprobar que concorren as condicións legais, administrativas, técnicas, económicas ou doutro tipo que xustifican a modalidade de defensa escollida.
7. A defensa dos TFM terá carácter individual e público, e o traballo será obxecto de avaliación formal por parte dun tribunal académico.
8. As particularidades de cada curso académico relativas ao procedemento de defensa, de entre os establecidos neste regulamento, así como os criterios de avaliación aplicables en cada modalidade, recolleranse na guía docente da materia TFM, de acordo co plan de estudos e co acordado pola Comisión Interuniversitario do mestrado.

Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFM

1. Os TFM serán avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal fin. Este tribunal terá representantes da UDC e da USC. A formación dos tribunais corresponde á Comisión Interuniversitaria do mestrado.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3RPSJ58I1HGU54S4K831GBP7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 08/10/2026 13:25:27 Página 6 de un total de 8 página(s).

2. Cada tribunal estará formado, como mínimo, por tres persoas titulares e os correspondentes suplentes. O/a director/a do TFM non poderá formar parte do tribunal. Todos os/as membros do tribunal deben ter a categoría de doutor/a e ou ben estar adscritos/as a área de Arquitectura de Computadores ou ben pertencer a un departamento con docencia no mestrado.
3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza as funcións de secretaría. O resto dos/as membros terán a consideración de vogais.
4. Na avaliación terase en conta a calidade do traballo feito polo alumno, a calidade da memoria, a calidade da presentación oral e as respostas as preguntas dos/as membros do tribunal. O formato da memoria será aprobado cada ano pola Comisión Interuniversitaria do mestrado, e na páxina web proporcionarase ao alumnado uns modelos para o seu desenvolvemento. Espérase un tamaño arredor de 50 páxinas, sen ser un límite estrito. Ademais, en casos excepcionais, pódese presentar unha memoria en formato artigo, sempre e cando se xustifique ante a Comisión Interuniversitaria que o devandito traballo foi xa enviado para a súa publicación nun congreso ou nunha revista científica.
5. A defensa, que será pública, terá unha duración máxima de 20 minutos. Unha vez concluída a presentación, os/as membros do tribunal poderán formular as preguntas que consideren oportunas, durante un máximo de 30 minutos.
6. As datas para as defensas dos TFM fixaranse dentro dun rango que se publicará na páxina web do Mestrado antes do comezo do curso. A data e a hora exactas da defensa serán determinadas pola Comisión Interuniversitaria da titulación e comunicarase aos/ás estudantes electronicamente (correo electrónico)con, polo menos, 5 días naturais de antelación.
7. Unha vez finalizada a defensa, as memorias dos TFMs poderán publicarse no Repositorio Institucional da universidade onde estea matriculado o estudante, sempre que non sexan confidenciais. Para iso, o/a autor/a debe cubrir un formulario indicando como desexa difundir o seu traballo e envialo por correo electrónico ao/á coordinador/a do mestrado, quen xestionará a súa publicación no repositorio.

CAPÍTULO V. Disposicións finais

Disposición derrogatoria. Derrogación normativa

Quedan derrogados os anteriores regulamentos de Traballos Fin de Mestrado (TFM) da titulación de Mestrado Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións impartido entre a UDC e a USC, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto no presente regulamento.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3RPSJ58I1HGU54S4K831GBP7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 08/10/2026 13:25:27 Página 7 de un total de 8 página(s).

Disposición final primeira. Habilitación

Facúltase á Comisión Interuniversitaria da titulación para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrución que sexan oportunas.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e USC, e será de aplicación a partir do curso académico 2026/2027.

Jorge González Domínguez

Coordinador do Mestrado en Computación de Altas Prestacións pola UDC e a USC

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3RPSJ581HGU54S4K831GBP7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 08/10/2026 13:25:27 Página 8 de un total de 8 página(s).